

Materia	LINGUA GALEGA	Páx.	1
Curso	6º de Primaria		
Profesor	Graciela Portela Freire		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións) (A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)		
1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
Expresión: narración :elementos e partes ,poesía e anuncios publicitarios Vocabulario: os dicionarios, sinónimos, antónimos, palabras polisémicas e homónimas, primitivas e derivadas, sufixos Gramática: O Nome: clases, xénero e número. Os determinantes. O adxectivo. Pronomes. Ortografía: regras de acentuación. O til diacrítico. Familias léxicas	Expresión: As regras do xogo. O xornal. A recensión dunha película. A entrevista Vocabulario: Definición de substantivo, adxectivo, verbo. Campo semántico, neoloxismos e estranxeirismos Gramática: verbos regulares e irregulares. Adverbios preposicións conxuncións. A oración. O suxeito Ortografía: Signos de puntuación: o punto a coma... Palabras con b con v . Palabras con c, ct, cc.	Expresión: a exposición, o caligrama, a lenda, o monólogo teatral, a circular. Vocabulario: siglas e abreviaturas, abreviacións palabras comodín, tabú e eufemismos, a retransmisión Gramática: O predicado, predicado verbal, os complementos, Clases de oracións .As interseccións Ortografía: Palabras con z,zz e s,es/ex estra/extra, palabras rematadas en cia/-za,-cio/-zo.que comezan por ca-,cua-eco-
OBXECTIVOS		
-Ler unha narración de forma comprensiva, un poema, un conto, unha anécdota... -Buscar palabras no dicionario. -Recoñecer sinónimos, antónimos, palabras polisémicas... -Coñecer e aplicar as regras básicas de acentuación. -Recoñecer e identificar os determinantes, os adxectivos, os pronomes. -Identificar as clases de substantivos. Clasificar os artigos e coñecer a formación das distintas contraccións. -Recoñecer as características dunha narración, dun conto.. -Ler poemas e diferentes textos con fluidez, ton e comprensión. -Identificar os prefixos e os sufixos nas palabras. -Utilizar con corrección a coma, o punto e coma, o guión. -Coñecer e empregar correctamente as formas dos determinantes demostrativos, posesivos, numerais.... -Recoñecer o suxeito dunha oración. -Aplicar correctamente as normas ortográficas sobre o uso do b , do v e do h. -Escribir correctamente palabras con c, ct e cc. -Coñecer e empregar as formas tónicas e átonas dos pronomes persoais.		

- Recoñecer as características dun texto expositivo, dunha lenda ,monólogo e circular.
- Identificar siglas e abreviaturas
- .Recoñecer o predicado e os seus complementos nunha oración.
- Identificar os verbos, os adverbios e as preposicións.
- Escribir correctamente as palabras con z, zz, s as rematadas en –cia, -za/-cio,zo,as que comencian por ca-, cua- e co.

METODOLOXÍA

- A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.
- Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.
- A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continúa :** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial :** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos** a utilizar: a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.